

Segundo.—Notificar e publicar no Boletín oficial de la Provincia de Pontevedra la interposición del recurso contencioso administrativo a los aspirantes presentados a las pruebas físicas, emplazándoles para que, de estimarlo procedente, puedan comparecer y constituirse en parte en el plazo de NUEVE DIAS, contados desde el día siguiente a la recepción de la notificación o publicación no BOP en su caso.

Baiona, 10 de noviembre de 2010.—El Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña.

**2010012349**

\* \* \*

## **CANGAS**

### *RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

Por resolución de Alcaldía de data 22/02/2010, publicada no BOP de Pontevedra do día 1/03/2010, foi publicada a composición do Tribunal de selección de catro policía segundo o disposto nas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 06/05/2009 (BOP 17/07/2009), modificada por resolución de Alcaldía de data 14/04/2010 (BOP 21/04/2010).

Presentadas renuncias por Evaristo Rivas Barcia e Ángeles Garrido Domínguez e procedendo aceptar estas.

Visto o que antecede, en aplicación das facultades que me outorga a lexislación vixente

### **D I S P O Ñ O**

**PRIMEIRO:** Aceptar as renuncias antes mencionada e aprobar e publicar a nova composición do Tribunal de selección que queda como segue:

Presidenta: Berta Alonso Soto

Suplente: Sergio Curra Moreira

Vogais:

1º. Pilar Peón Omil

Suplente: Manuel Castro Escariz

2º. Carlos Piñeiro Sarmiento

Suplente: Montserrat Portabales González

3º.- Anxo Gallego Graña

Suplente: César Millán Martínez

Secretario: José Luís Loureiro Rey

Suplente: Cristina Padín Martínez

Así o dispoño en Cangas, a once de novembro de dous mil dez.—A Alcaldesa-Presidenta, Clara Millán González.—A Secretaria, Berta Alonso Soto.

**2010012438**

\* \* \*

## **FORNELOS DE MONTES**

### **E D I C T O**

Ó non se ter presentado ningunha reclamación ó acordo do Pleno do Concello de data 30 de setembro de 2010 polo que se aproba provisionalmente a ordenanza fiscal do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES e a fixación dos elementos regulados naquela, dito acordo elévase automaticamente a definitivo, podendo interpoñer contra o mesmo, os interesados lexítimos de conformidade co disposto no Art. 19.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a Lei reguladora de dita xurisdicción.

O texto da ordenanza fiscal aprobada é o seguinte:

### **ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

#### *Artigo 1*

1. De conformidade co establecido no artigo 59.1 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, LRFL, Imposto sobre bens inmobles, IBI, é un tributo de imposición obrigatoria esixible segundo as disposicións do citado texto refundido contidas especialmente nos artigos 60 ao 77.

2. De conformidade co establecido no artigo 15.2 da LRFL o Concello de Fornelos de Montes acorda a ordenación deste tributo segundo as normas contidas nesta ordenanza fiscal en concordancia co disposto na LRFL e na restante normativa de aplicación.

#### *Artigo 2.*

1.—O tipo de gravame do IBI queda fixado:

No 0,4 por cento para os bens de natureza urbana.

No 0.3 por cento para os bens de natureza rústica, establecendo como coeficiente de aplicación para o cálculo do valor base na determinación da Base Liquidable dos inmobles de natureza rústica ocupados por construcións o 1,00.

No 1.3 por cento para os bens de características especiais.

2.—Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto ós suxeitos pasivos (Padre, madre ou titor) titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia.

Esta bonificación se concederá para cada exercicio debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do primeiro de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos e aportando os seguintes documentos:

- Certificado de empadramento da familia en Fornelos de Montes.
- Título de familia numerosa en vigor ata o exercicio no que deba producir efectos a bonificación.

#### *Artigo 3.*

Ademais dos bens inmobles indicados no artigo 61.1 e 61.2 da LRFL e, ao abeiro do disposto no artigo 62.4 da LRFL, estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmobles:

- a) Os de natureza urbana, sempre que a cota líquida, sexa inferior a 6.00 euros.
- b) Os de natureza rústica no caso que, para casa suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no municipio sexa inferior a 6,00 euros.

#### *Disposición final.*

Esta ordenanza fiscal, que modifica a aprobada polo Concello Pleno o día 25 de agosto de 2005, entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e aplicarase a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Fornelos de Montes, 19 de novembro de 2010.—O Alcalde, Serafín A. Martínez Martínez. **2010012608**

\* \* \*